

ANUNCIO

Por medio deste anuncio faise público que a Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación, mediante os Decretos da Alcaldía número **26/2011** do Libro de resolucións en materia de contratación fomento do día once de abril, **RESOLVEU:**

PRIMEIRO.- Que se proceda á convocatoria para o exercicio 2011 de subvencións a asociacións e persoas xurídico-privadas sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de programas e actividades de interese xeral ou sectorial, e para mantemento de equipamentos de conformidade coas bases establecidas neste procedemento de concorrencia competitiva.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto de **295.020,00 €** a que ascende o importe total das subvencións que serán outorgados por parte dos servizos e con cargo ás partidas e importes seguintes:

SERVIZO	PARTIDA	IMPORTE
Servizos Sociais	23290.48900	24.400 €
Muller	23400.48900	3.000 €
Xuventude	33100.48900	6.750 €
Deportes	34100.48900	131.200 €
Participación Cidadá	92400.48900	105.170 €
Cultura	33000.48900	24.500 €
TOTAL		295.020 €

TERCEIRO.- Esta convocatoria rexerese polo establecido nas seguintes **BASES PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONES A ASOCIACIONES E PERSOAS XURÍDICO-PRIVADAS SEN ANIMO DE LUCRO PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS E ACTIVIDADES DE INTERESE XERAL E SECTORIAL E PARA MANTEMENTO DE EQUIPAMENTOS PARA O EXERCICIO 2011.**

Posteriormente, por Decreto de Alcaldía núm. 173/11 do Libro de resolucións en materia de contratación fomento do día doce de xullo de dous mil once, **RESOLVEU:**

PRIMEIRO.- Modificación das “Bases xerais polas que se regula a concesión de subvencións a asociacións e persoas xurídico privadas sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de programas e actividades de interese xeral ou sectorial e para o mantemento de equipamentos nos puntos anteriormente citados, polo que a convocatoria do 2011 rexirase polo establecido nas seguintes bases:

BASES XERAIS POLAS QUE SE REGULA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ASOCIACIÓNS E PERSOAS XURÍDICO-PRIVADAS SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS E ACTIVIDADES DE INTERESE XERAL E SECTORIAL E PARA O MANTEMENTO DE EQUIPAMENTOS - EXERCIZO 2011

Artigo 1.- OBXECTO E FINALIDADE DA SUBVENCIÓN

Estas bases teñen por obxecto a concesión de subvencións a asociacións e persoas xurídico-privadas, sen ánimo de lucro, para o desenvolvemento, durante o exercicio 2011, de programas e actividades de interese xeral e sectorial, así como para o mantemento, conservación e pequenas reparacións de infraestruturas, no desenvolvemento dos ditos programas e actividades, e que son tramitadas pola Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación, pola Área de Benestar Social, Igualdade e Xuventude, pola Área de Servizos Xerais, pola Área de Deportes e pola Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingüa.

Serán subvencionables as actuacións establecidas no artigo 7, de xeito xeral, e, con carácter específico, o establecido por cada un dos servizos que tramitan as solicitudes de subvencións desta convocatoria.

Para o non previsto nestas bases será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a Ordenanza xeral municipal reguladora da concesión de subvencións, as bases de execución do presuposto municipal e demais normativa legal de aplicación.

Artigo 2.- ENTIDADES BENEFICIARIAS. REQUISITOS

Poderán acollerse a esta convocatoria de subvencións todas as asociacións ou entidades sen ánimo de lucro que cumpran os seguintes requisitos:

1) Estar legalmente constituídas e domiciliadas no municipio de Lugo e figurar, no caso de tratarse de asociacións, inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Lugo.

Excepcionalmente, cando a actividade teña interese social, económico ou humanitario para as veciñas e veciños do municipio de Lugo, poderánse conceder subvencións a entidades foráneas e non inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións. A fundamentación do dito interese acreditaráse mediante a achega dunha memoria para o efecto. En todo caso, as actividades ou proxectos financiados a través de subvención municipal deben desenvolverse no termo municipal ou ir dirixidos ás veciñas e ós veciños do concello de Lugo, e redundar nun beneficio para a súa cidadanía.

2) Estar ó corrente das súas obrigas fiscais coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Territorial da Seguridade Social e o Concello de Lugo, respectivamente.

3) Non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de persoa beneficiaria das subvencións previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

4) Ter debidamente xustificadas os gastos correspondentes a subvencións concedidas con anterioridade polo Concello de Lugo, ou xustificación razoada do motivo do incumprimento da obriga de xustificar.

5) Na Concellería de Xuventude e, con carácter específico, poderán solicitar e obter estas axudas:

a) Asociacións e entidades sen ánimo de lucro especificamente xuvenís, inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Lugo.

b) Outras entidades que, carecendo de interese lucrativo, desenvolvan programas e actividades dirixidas ás mozas e mozos lucenses e con manifesto protagonismo xuvenil na súa elaboración e desenvolvemento global. Deberán estar, así mesmo, inscritas no Rexistro Municipal do Concello de Lugo

c) Outras entidades (asociacións ou fundacións) que, carecendo de interese lucrativo, desenvolvan programas e actividades dirixidas á participación e promoción do Arde Lucus. Deberán estar inscritas no Rexistro Municipal do Concello de Lugo.

6) No caso daquelas asociacións ou entidades que xa tiveran concedida unha subvención do Concello (por concesión directa ou distinta convocatoria) para outro proxecto ou actividade, valorarase a súa solicitude tendo en conta o interese do proposto e a dispoñibilidade orzamentaria. En todo caso, quedan excluídas desta convocatoria as asociacións ou entidades que durante o exercicio 2011 perciban outra subvención municipal da mesma concellería, con excepción da Concellería de Deportes, que establece que aqueles clubs que teñan unha

subvención nominativa para a organización dun evento deportivo puntual que o Concello considere de marcado interese municipal, ou ben para os actos deportivos do San Froilán, sempre que a contía da nominativa non supere os 13.000 euros, poderán optar ás subvencións desta convocatoria polo desenvolvemento do programa deportivo que o club realice ó longo da tempada deportiva vixente (participación en ligas oficiais, campionatos, trofeos, etc.)

Artigo 3.- CRÉDITOS ORZAMENTARIOS E CONTÍA DAS SUBVENCIONES.

No orzamento municipal para o exercicio 2011 existe consignación orzamentaria para a concesión de subvencións polos departamentos seguintes:

SERVIZO	PARTIDA	IMPORTE
Servizos Sociais	23290.48900	24.400 €
Muller	23400.48900	3.000 €
Xuventude	33100.48900	6.750 €
Deportes	34100.48900	131.200 €
Participación Cidadá	92400.48900	105.170 €
Cultura	33000.48900	24.500 €
TOTAL		295.020 €

No artigo 6º especificanse as contías máximas que se poderán obter en función da puntuación acadada.

Considerando as solicitudes de subvencións estimadas e para o caso de que os créditos estivesen esgotados, o órgano competente poderá acordar, tras os trámites previos oportunos e sempre que exista dispoñibilidade orzamentaria, a ampliación das cantidades enriba sinaladas, rexéndose a concesión por estas bases.

Artigo 4.- FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

1. As solicitudes das entidades ou asociacións interesadas presentaránse no Rexistro Xeral do Concello de Lugo, ou ben, utilizando os medios establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de **CUARENTA E CINCO DÍAS naturais** contados a partir do día seguinte ó da publicación destas bases no Diario Oficial de Galicia. Estas tamén se publicarán no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Anuncios Municipal e na

páxina web do Concello de Lugo; se ben, a publicación no DOG será a data a ter en conta ós efectos de presentación de solicitudes. Acompañaránse dos documentos e informacións que se sinalan no parágrafo 2º deste artigo, agás que estes estiveran xa en poder do Concello. Faráse constar neste caso a data e dependencia ou órgano ante o que se presentaron, e non poderá ter transcorrido máis de cinco anos dende a finalización do procedemento ó que correspondan.

Con carácter excepcional, e a xuízo do órgano competente, poderán admitirse solicitudes fóra do prazo establecido cando, por circunstancias novas ou imprevistas, non se puidesen presentar no prazo sinalado. Estas peticións tramitaránse de acordo con estas bases, agás no que se refire ó cumprimento do prazo, e estarán supeditadas á existencia de dispoñibilidade presupostaria.

2. A entidade ou asociación interesada deberá acompañar á solicitude a seguinte documentación:

a) As asociacións inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións:

1) Solicitude en modelo normalizado xeral (ANEXO I) e específico para as subvencións que se tramiten pola Concellería de Deportes (ANEXO V) subscrita pola persoa interesada, no caso de tratarse de persoa física, ou pola persoa que represente de forma legal á asociación ou entidade, xunto co compromiso de destinar a subvención á execución do obxectivo, proxecto ou actividade solicitada.

2) Fotocopia do DNI da persoa que presenta a solicitude e, se é o caso, documento acreditativo da representación que posúe na entidade ou asociación solicitante.

3) Declaración responsable de (ANEXO II):

- non atoparse inhabilitada ou inhabilitado ou estar incurso/o en prohibición para acceder á condición de beneficiaria/o de subvencións do Concello de Lugo, de conformidade co establecido no artigo 10 da Lei 4/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, nin do artigo 13 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

- estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e de seguridade social. (Nos supostos nos que, tras a tramitación da solicitude, resulte que o importe da subvención proposta exceda de 3.000 euros, de conformidade co artigo 22 e 24 do Real decreto 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a entidade interesada deberá achegar, se así o solicita a unidade administrativa xestora e antes da proposta de resolución, certificacións de atoparse ó corrente das obrigas tributarias fronte á Axencia Estatal da Administración Tributaria, á

Tesourería Territorial da Seguridade Social e ó Concello de Lugo respectivamente).

- ter ou non, solicitado ou percibido, outras subvencións ou axudas por parte doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para o financiamento da actividade para a que se solicita a subvención.

4) No caso de subvencións solicitadas para o desenvolvemento de proxecto, actividade ou programa, deberán presentar unha memoria explicativa (segundo modelo do ANEXO III). A entidade interesada poderá presentar xunto co modelo indicado o proxecto que estime conveniente, no que se subliñarán outros aspectos que axuden a unha mellor avaliación.

5) No caso de subvencións solicitadas para financiar gastos para mantemento, conservación e pequenas reparacións de infraestruturas da asociación ou entidade, xuntarán memoria (segundo modelo do ANEXO IV) na que se fará constar a localización, réxime de posesión ou tenza, equipamento do que dispón o local, descrición do gasto, así como xustificación da necesidade de efectuar este.

6) Certificación bancaria na que figure o número de conta da entidade solicitante e na que solicita se lle ingrese a subvención.

7) Certificación da persoa que exerce a secretaría da entidade, co visto e praxe da persoa que exerce a presidencia, no que conste a relación de persoas que figuran na xunta directiva, así como as diferentes vogalías ou departamentos dela (ANEXO VII).

8) Calquera outro documento que se considere de interese para a mellor avaliación da solicitude de subvención.

O Concello poderá solicitar, se así fose oportuno para a resolución do procedemento, calquera outro documento que estime conveniente.

b) As asociacións non inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións deberán, a maiores, achegar:

1) Copia dos estatutos ou documentos acreditativos da personalidade da entidade. Na copia dos estatutos deberá figurar o selo xustificativo da inscrición no rexistro público correspondente.

2) Fotocopia do CIF da asociación ou entidade solicitante.

c) As solicitudes de subvencións que se tramitan dende a Concellería de Deportes quedan exceptuadas da obriga de achegar a documentación sinalada nos

parágrafos 4) e 5) do apartado 2.a) deste artigo. Alternativamente, deberán achegar a documentación que se indica no ANEXO VI.

3. Se a solicitude non reúne os requisitos ou non achega a documentación indicada, requiriráselle ó interesado para que emende as deficiencias observadas no prazo máximo improrrogable de dez días hábiles, indicándolle que se non o fíxese se lle terá por desistido da súa petición, e arquivarase o expediente sen máis trámites, tras a resolución ditada nos termos previstos no art. 71 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 5.- PROCEDEMENTO

O procedemento para a concesión das subvencións previstas nestas bases axustaranse ó establecido nos artigos 26, 27, 28, 29 e 30 da Ordenanza municipal de subvencións, coas seguintes precisións:

1.- Presentadas as solicitudes no Rexistro Xeral Municipal, remitiráselle á Oficina de Participación Cidadá. Nesta dependencia, unha vez emitido informe no que se faga constar se as asociacións solicitantes están inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións e realizaron a comunicación anual de datos (orçamento, programa de actividades e número de socios), remitirá a solicitude ao servizo que indique a persoa solicitante, en atención á materia da actividade e ó obxecto e finalidade da Área. No caso de aquelas asociacións que non soliciten destino concreto, remitirase ao servizo que lle corresponda segundo o obxecto social que figure no Rexistro Municipal de Asociación e por ende nos seus estatutos, sin que proceda neste caso unha posterior reclamación.

Non se poderá solicitar subvencións para a realización dun proxecto ou actividade específica que xa se houbera solicitado noutra área municipal para a mesma finalidade.

2.- O órgano instructor será un técnico ou unha técnica competente do servizo correspondente que realizará as actuacións que se sinalan no artigo 28 da ordenanza.

3.- A comisión de valoración, constituída para o efecto en cada servizo, terá a seguinte composición:

- Presidenta/e: a/o concelleira/o do servizo correspondente.
- Vogais: dúas persoas, funcionarias ou persoal laboral, do correspondente servizo que se designen para estes efectos.

- Secretaria/o: unha persoa técnico municipal do servizo correspondente designado para o efecto.

Excepcionalmente, nos casos nos que os servizos correspondentes non teñan o persoal suficiente para formar a dita comisión, esta estará integrada pola/o presidenta/e e unha/un técnica/o do servizo que, á súa vez, asumirá as funcións de instrutor/a e de membro da comisión.

4.- De conformidade co establecido na base 24ª das bases de execución do presuposto municipal, o órgano competente para resolver o procedemento é a/o Ilma./o. tenenta/e de alcalde delegada/o da área correspondente.

5.- O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento será de seis meses, contados a partir do día seguinte ó da publicación da convocatoria no Diario Oficial de Galicia. Transcorrido o dito prazo sen que se adopte resolución expresa, poderase entender desestimada. A resolución porá fin á vía administrativa, e contra ela as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de reposición ante o mesmo órgano ou ben, alternativamente, recurso contencioso administrativo ante o Xulgado Contencioso Administrativo de Lugo.

6.- Non se admite a reformulación das solicitudes para os supostos nos que a subvención concedida sexa inferior á que figura na solicitude.

7.- A aceptación da subvención concedida entenderase efectuada se no prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte hábil ó da notificación, non renunciaran a ela expresamente mediante escrito dirixido ó órgano concedente.

8.- Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións doutras administracións públicas ou entidades privadas, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

9.- As subvencións que se outorguen ó abeiro desta convocatoria serán compatibles con outras para a mesma finalidade sen que en ningún caso o importe total subvencionado poida superar o 80% do custo total da actividade. O 20% do gasto proposto e orzamentado no proxecto presentado deberá financiarse, exclusivamente, pola asociación ou entidade. No caso de existir sobrefinanciamento, o beneficiario deberá proceder ó reintegro da contía concedida polo Concello de Lugo na cantidade que exceda do custo da actividade.

10.- As actividades obxecto de subvención poderán ser obxecto de subcontratación nos termos establecidos no artigo 29 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.

Artigo 6.- CRITERIOS DE VALORACIÓN E CONTÍA DA SUBVENCIÓN

A concesión ou denegación das subvencións, así como a súa cuantificación económica, efectuarase tendo en conta os seguintes criterios:

ÁREA DE BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE E XUVENTUDE.

A) BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE

	<u>PUNTOS</u>
- Interese xeral da actividade ou programa	Ata 2
- Maior número de beneficiarios	Ata 2
- Especialización na atención a colectivos ós que vai dirixida a actividade	Ata 2
- Carácter permanente e continuo da actividade ou programa	Ata 1
- Que se trate de entidades ou asociacións que presenten, a xuízo da comisión de avaliación, unha traxectoria de coordinación e colaboración nas súas actuacións co Concello	Ata 1
- Orixinalidade e carácter innovador da actividade	Ata 1
- Que se trate de actuacións dirixidas a colectivos desfavorecidos ou con especiais dificultades de inserción social (terceira idade, mulleres maltratadas, discapacitados, colectivo xitano...)	Ata 2
- Que na composición da directiva da asociación existan como mínimo unha porcentaxe do 50% de mulleres	Ata 2
- Que a entidade conte cunha vogalía ou Departamento de Muller ou Igualdade	Ata 1
- Que se trate de programas en zonas do municipio con menor incidencia da acción e participación social, fundamentalmente na zona rural.	Ata 2
<u>PUNTUACIÓN MÁXIMA</u>	<u>16</u>

A contía máxima que se concederá individualmente non poderá exceder de 3.000 euros. As contías que se concedan fixaránse proporcionalmente en función da puntuación obtida en aplicación do baremo anterior.

B) XUVENTUDE:

	<u>PUNTOS</u>
Aspectos da entidade	Máximo 6
- Ser especificamente xuvenil (0.15 / cada membro xunta directiva menor de 30 anos)	Ata 1

- Composición maioritaria de mulleres na xunta directiva (0.15 / cada membro da xunta directiva muller sempre que estea composta dun mínimo de 50% mulleres)	Ata 1
- Fomento da participación xuvenil (0.010 /10 socios)	Ata 1
- Que se trate de entidades ou asociacións que presenten, a xuízo da comisión de avaliación, unha traxectoria de coordinación, colaboración e difusión das súas actuacións coa Concellería de Xuventude	Ata 1
- Entidades que realicen actividades para o fomento da participación no Arde Lucus	Ata 2
Aspectos do proxecto para realizar	Máximo 5
- Interese xeral da actividade ou programa	Ata 1
- Fundamentación e estrutura do proxecto	Ata 1
- Coherencia do proxecto coas necesidades da mocidade actual	Ata 1
- Nº de beneficiarios directos (0.010/10 beneficiarios)	Ata 1
- Aspectos innovadores do proxecto con respecto ás necesidades xuvenís	Ata 1
<u>PUNTUACIÓN MÁXIMA</u>	<u>11</u>

ÁREA DE SERVIZOS XERAIS

PARTICIPACIÓN CIDADÁ

	<u>PUNTOS</u>
a) Coherencia xeral do proxecto. Adecuación de recursos e actividades ós obxectivos do proxecto	Ata 10
b) Interese xeral da actividade ou programa. Oportunidade e interese social do proxecto expresados nunha relación descritiva clara de toda a secuencia do proxecto e de cada unha das actividades para desenvolver. Terán o carácter de actividade ou proxecto de interese xeral as que teñan por obxecto a formación ou utilización primordial das novas tecnoloxías.	Ata 10
c) Explicación detallada de todo o orzamento. Información precisa e detallada de cada unha das actividades e contías que se deben destinar a cada unha das accións debidamente desagregadas.	Ata 10

d) Viabilidade e sustentabilidade do proxecto. Descrición dos recursos propios dirixidos ás actividades propostas, detallando a porcentaxe de participación económica da entidade solicitante. Concorrenza doutras fontes de financiamento do proxecto tanto públicas como privadas.	Ata 10
e) Carácter permanente e continuo da actividade ou programa.	Ata 10
f) Que se trate de entidades ou asociacións que presenten, a xuízo da comisión de avaliación, unha traxectoria de coordinación e colaboración nas súas actuacións co Concello.	Ata 10
g) Orixinalidade e carácter innovador da actividade	Ata 10
h) Proxecto conxunto con outras entidades.	Ata 10
i) Achega financeira da entidade ao proxecto.	Ata 10
j) Porcentaxe de mulleres na directiva <i>como mínimo</i> ó 50% ou que a entidade conte cunha vogalía ou departamento de muller ou igualdade.	Ata 10
<u>PUNTUACIÓN MÁXIMA</u>	<u>100</u>

A contía máxima que se concederá individualmente non poderá exceder de 3.000 euros. As contías que se concedan fixaranse proporcionalmente en función da puntuación obtida en aplicación do baremo anterior.

AREA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA:

	<u>PUNTOS</u>
- Interese xeral da actividade ou programa	Ata 3
- Maior número de persoas beneficiarias ou especialización na atención a colectivos ós que vai dirixida a actividade	Ata 2
- Caracter permanente e continuo da actividade ou programa	Ata 3
- Que se trate de entidades ou asociacións que presenten, a xuízo da comisión de avaliación, unha traxectoria de coordinación e colaboración nas súas actuacións co Concello	Ata 1
- Orixinalidade e carácter innovador da actividade	Ata 0,5
- Que na composición da directiva da asociación exista como mínimo unha porcentaxe do 50 % de mulleres	Ata 0,5
-Uso e difusión do galego (oral e escrito) na programación Da actividade	Ata 1

- Difusión dos valores culturais lucenses e galegos Ata 0,5
- Potenciación da participación da mocidade nas actividades culturais organizadas ATA 0,5

PUNTUACIÓN MÁXIMA **12**

A contía máxima que se concederá individualmente non poderá exceder de 3.000 euros. As contías que se concedan fixaranse proporcionalmente en función da puntuación obtida en aplicación do baremo anterior.

B) Á REA DE DEPORTES

A concesión ou denegación das subvencións, así como a súa cuantificación económica, efectuarase tendo en conta os seguintes criterios:

- | | <u>PUNTOS</u> |
|---|----------------------|
| - Por número de deportistas mutualizadas/os | Ata 7 |
| - Por equipos en competicións autonómicas | Ata 2 |
| - Incidencia da actividade na promoción da igualdade entre homes e mulleres | Ata 1 |
| - Que se trate de actividades que presenten, a xuízo da comisión de avaliación, unha traxectoria de coordinación e colaboración nas súas actuacións co Concello | Ata 2 |

PUNTUACIÓN MÁXIMA **12**

As contías máximas que se concederán pola Concellería de Deportes en función da puntuación obtida serán as seguintes:

- De 1 a 4 puntos: máximo 2.500 €
- De 5 a 8 puntos: máximo 5.000 €
- De 9 a 12 puntos: máximo 7.500 €
- *O valor de cada punto é igual en todos os tramos = 625 €

O órgano competente para resolver, logo de xustificación razoada, poderá proceder ó rateo, entre as/os beneficiarias/os da subvención, do importe global máximo establecido na convocatoria, segundo se establece no artigo 22 da Lei 38/2003.

Artigo 7.- GASTOS SUBVENCIONABLES

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen con anterioridade á finalización do período de xustificación.

Serán subvencionables os gastos correntes necesarios para o desenvolvemento da actividade tales como: alugamentos, gastos de transporte, gastos de pequena reparación, mantemento e conservación de bens propios ou alugados, adquisición de material non inventariable, subministracións (gas, electricidade, teléfono, combustible...) vestiario, produtos alimenticios, sanitarios..., e outros gastos diversos como publicidade, imprenta, etc.

Tamén serán subvencionables os gastos de persoal necesario para o desenvolvemento dos programas e actividades subvencionadas.

Non serán subvencionables gastos de bebidas alcohólicas ou calquer outro produto que sexa prexudicial para a saúde.

Non serán subvencionables os gastos de investimento, tales como adquisición, construción e reforma de bens inventariables.

En ningún caso serán gastos subvencionables os xuros debedores de contas bancarias, xuros, recargas e sancións administrativas e penais e os gastos de procedementos xudiciais.

De xeito específico, o Servizo de Participación Cidadá establece que serán subvencionables os gastos relativos á realización de proxectos e/ou actividades por parte das asociacións de veciñas e veciños nalgunha das seguintes áreas:

a) **ÁREA DE SENSIBILIZACIÓN:** o obxectivo destes proxectos ou actividades será o de favorecer o coñecemento por parte da veciñanza da importancia e valor da participación cidadá. Trátase de fomentar o asociacionismo a través de actividades de sensibilización como:

- Desenvolvemento de xornadas, seminarios, charlas e actividades dirixidas a dar a coñecer a realidade das asociacións, así como a promoción e captación de socios.

- Realización de campañas que fomenten a sensibilización da sociedade cara á participación e ás asociacións.

- Estudos encamiñados a coñecer a realidade do asociacionismo no Concello.

b) **ÁREA DE FORMACIÓN:** perséguese aquí unha modernización e adaptación permanente das asociacións á realidade social, a través de accións formativas para directivos e socios.

- c) **ÁREA DE COORDINACIÓN:** accións que fomenten o traballo en rede e a coordinación entre diferentes asociacións.
- d) **ÁREA DE PARTICIPACIÓN:** actividades dirixidas ó público en xeral, como festas, xantar de veciñanza, excursións, cursiños, etc.
- e) **ÁREA DE INNOVACIÓN:** proxectos singulares de especial interese polo que teñan de innovadores ou experimentais no eido da participación cidadá.

Artigo 8.- XUSTIFICACIÓN DO GASTO E PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

Concedida a subvención, e para proceder ó seu cobro, as entidades ou asociacións beneficiarias deberán presentar no servizo correspondente a seguinte documentación acreditativa da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento:

- a) Memoria explicativa e detallada da realización da totalidade do proxecto ou actividade, obxectivo ou adopción do comportamento, con expresa mención dos resultados obtidos, xunto cunha relación dos gastos e ingresos relativos á actividade subvencionada (segundo modelo do ANEXO VIII). Deberase xuntar, se é o caso, exemplar de cada un dos folletos, carteis, libros, vídeos, CD-ROM, etc., que se editasen ou publicasen en relación coa actividade subvencionada.
- b) Facturas e demais documentos de valor probatorio, de conformidade coas bases de execución do presuposto e R.d. 1496/2003, do 28 de novembro, do Ministerio de Economía e Facenda, que se presentarán en documento orixinal, coa acreditación do pago mediante transferencia con xustificación da entidade bancaria cando se trate de gastos superiores a 300 €. Os documentos presentados deberán ser validados e selados polo servizo municipal xestor do expediente administrativo cun selo existente para o efecto, no que conste que a factura ou documento se aplica á xustificación – na porcentaxe que corresponda en cada caso - da subvención concedida. Se se presentasen fotocopias, deberán ser compulsadas polo servizo xestor, de conformidade co que se establece nas bases de execución do presuposto.

Deberán presentarse, ademais das facturas correspondentes ó gasto subvencionado polo Concello, as facturas correspondentes ó 20% do gasto total proposto e orzamentado no proxecto concreto ao que se lle outorga a subvención. Este 20% debe ser asumido, exclusivamente, pola asociación ou entidade, pois non é subvencionable por administración ou entidade pública ou privada ningunha

- c) Declaración xurada dos seguintes extremos (segundo modelo do ANEXO IX):

- que as facturas non foron nin serán presentadas como xustificación – na porcentaxe subvencionada polo Concello de Lugo – doutra subvención pública ou privada.
 - ter recibido ou non outras subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para a mesma finalidade.
 - que a realización da actividade, proxecto, obxectivo, programa ou a adopción de comportamento se efectuou nos termos establecidos na memoria presentada.
 - estar ó corrente das obrigas tributarias e de seguridade social.
 - que todos os gastos presentados como xustificación abonáronse efectivamente.
 - que os impostos indirectos devengados (IVE) non teñen a condición de recuperabilidade ou compensatoriedade.
- e) Declaración xurada de que a asociación ou entidade ten comunicado ao Servizo de Participación Cidadá o orzamento, programa de actividades e número de persoas asociadas correspondente ó ano 2011.

No caso de existir desviacións económicas respecto ó orzamento inicial presentado deberá achegar un informe explicativo das ditas desviacións.

A data límite para xustificar a subvención concedida será a do **30 de decembro de 2011, con carácter xeral e o 31 de xaneiro do 2012, para aquelas actividades realizadas no mes de decembro de 2011**. No caso de non presentar a xustificación dentro deste prazo, incoarase expediente de anulación do correspondente compromiso que comportará a perda do dereito de cobro da subvención.

Non se realizarán pagos a conta nin anticipados.

Non é admisible como gasto xustificativo único o que non teña que ver directamente coa actividade (unha viaxe xustificarse con facturas de desprazamento e estancia, non con publicidade da actividade, guías, etc.).

Non se admitirán facturas de publicidade nin gastos de comunicación (sobres, selos, foios, bolígrafos, etc) que supoñan máis do 10% do importe da subvención concedida.

Lémbrese o establecido no artigo 31 da Lei 38/2003, xeral de subvencións de data 17 de novembro, relativo á obriga de presentar tres presupostos ou ofertas para xustificación do gastos de servizos e subministros de contía superior aos 12.000 euros, para os casos así establecidos neste artigo.

Artigo 9 .- OBRIGAS DAS PERSOAS OU ENTIDADES BENEFICIARIAS

Serán obrigas dos beneficiarios das axudas as sinaladas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no artigo 11 da Ordenanza municipal de subvencións, e ademais:

- A presentación da programación das actuacións, así como a publicidade, a difusión, o soporte informático, as publicacións, etc., deberán figurar en idioma galego.
- Non modificar a programación das actividades que se subvencionen sen coñecemento e autorización expresa e previa do Concello.
- Facer constar na publicidade, difusión, publicacións, etc., que se xeren que as actividades (cando se realicen con posterioridade á data da concesión da subvención) están subvencionadas polo Concello de Lugo. Para estes efectos engadirase o logotipo do Concello de Lugo en carteis, dípticos, folletos, etc.
- Comunicarlle ó Concello a realización da actividade para a que se solicita subvención para o coñecemento e, se é o caso, supervisión de responsables municipais.
- Ter comunicado, no seu caso, ó Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Lugo o orzamento, programa de actividades e número de socias/os correspondente ó ano 2011.

CUARTO.- ANEXOS

ANEXO I.- IMPRESO XERAL DE SOLICITUDE DE SUBVENCÍONS PARA ASOCIACIÓNS E ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS E ACTIVIDADES DE INTERESE XERAL OU SECTORIAL E PARA O MANTEMENTO DE EQUIPAMENTOS

ANEXO II.- DECLARACIÓN XURADA PARA OS EFECTOS DE SOLICITAR SUBVENCIÓN

ANEXO III.- MODELO DE MEMORIA EXPLICATIVA DO PROXECTO

ANEXO IV.- MODELO DE MEMORIA DA NECESIDADE DO MANTEMENTO EN INFRAESTRUTURA E EQUIPAMENTO

ANEXO V.- IMPRESO ESPECIFICO DE SOLICITUDE DE SUBVENCIONS PARA ENTIDADES DEPORTIVAS SEN ANIMO DE LUCRO PARA A REALIZACION DE ACTIVIDADES E PARA GASTOS DE MANTEMENTO

ANEXO VI.- DOCUMENTACION ESPECIFICA PARA A CONCELLERIA DE DEPORTES

ANEXO VII.- CERTIFICACION DA PERSOA QUE EXERCE A SECRETARIA DA ASOCIACION/ENTIDADE PARA XUSTIFICAR A EXISTENCIA DE PARIDADE NOS ORGANOS DE REPRESENTACION LEGAL DA ENTIDADE E/OU DUNHA VOGALIA DE MULLER OU IGUALDADE

ANEXO VIII.- MODELO DE MEMORIA DO PROXECTO/ACTUACION SUBVENCIONADA POLO CONCELLO NA CONVOCATORIA DO ANO 2011

ANEXO IX.- DECLARACION XURADA PARA OS EFECTOS DE XUSTIFICAR SUBVENCIONS



Concello de Lugo

ANEXO I .- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓNS PARA ASOCIACIÓNS E ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS E ACTIVIDADES DE INTERESE XERAL OU SECTORIAL E PARA O MANTENIMENTO DE EQUIPAMENTOS, PARA O ANO: _____

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME e APELIDOS:		NIF/CIE:	
ENDEREZO:		CONCELLO:	
PROVINCIA:	C. P.:	TEL.:	e-mail:
<input type="checkbox"/> Autorizo ao Concello de Lugo para que me informe mediante SMS ou correo electrónico do estado desta solicitude así como doutro tipo de avisos relacionados que me poidan resultar de interese.			

ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

ENDEREZO:		
CONCELLO:	PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:

DATOS DA ASOCIACIÓN/ENTIDADE

NOME:		Nº REXISTRO MUNICIPAL:	
ENDEREZO SOCIAL:		CONCELLO:	
PROVINCIA:	C.P.	TEL.:	e-mail:
CARGO DA PERSOA SOLICITANTE:			
¿PERTENCE A UNHA FEDERACIÓN/AGRUPACIÓN? <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/> Si (indicar a cal):			

Importe da subvención solicitada (en euros)

PROXECTO/S OU ACTUACIÓN/S PARA A/AS QUE SOLICITA SUBVENCIÓN

--

Acepto o compromiso de destinar a subvención que se conceda á execución do proxecto, obxectivo ou actividade solicitada, así como todos os compromisos e obrigas derivadas da lexislación aplicable e das bases reguladoras e convocatoria de subvencións para o exercicio en curso.

Lugo,..... de de
A PERSOA SOLICITANTE

(DNI da persoa solicitante e selo da asociación/entidade)

NOTA: Verifique a documentación que debe achegar xunto con esta solicitude, segundo o establecido na convocatoria

En cumprimento do disposto pola Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, o Concello de Lugo infórmaa/o de que os datos persoais obtidos deste documento serán incorporados a un ficheiro, do que é responsable o Concello de Lugo, coa única finalidade de levar a cabo as actuacións administrativas que, de ser o caso, se deriven da súa solicitude ou para realizar comunicacións do seu interese para os efectos informativos. Se o desexa, pode acceder aos datos facilitados, así como solicitar, se é o caso, a rectificación, oposición ou cancelación, nos termos establecidos na lei indicada, comunicándollo a este Concello.

Á solicitude xuntarase a seguinte documentación, que se presentará de acordo cos modelos dos ANEXOS

DOCUMENTACIÓN XERAL:

- * Fotocopia do DNI da persoa solicitante
- * Copia do documento acreditativo da representación que ten a persoa solicitante na entidade ou asociación.
- * Certificación dos datos bancarios
- * Declaración xurada (ANEXO II).
- * Certificación da secretaria ou secretario da entidade, co visto e prace da persoa que representa legalmente á entidade, no que conste a relación de persoas que figuran na xunta directiva, así como as diferentes vogalías ou departamentos dela (ANEXO VII).

No caso de non estar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións, deberán, a maiores, achegar:

- * Fotocopia do CIF da asociación ou institución que representa
- * Copia dos estatutos ou documentos acreditativos da personalidade da entidade. ***Na copia dos estatutos deberá figurar o selo xustificativo da inscrición no rexistro público correspondente.***

DOCUMENTACIÓN ESPECÍFICA:

Cando os obxectivos das subvencións sexan programas de actividades:

- * Memoria do programa de actividades (ANEXO III)

Cando o obxecto da subvención sexan os gastos de mantemento e reparación de infraestrutura e equipamento:

- * Memoria da necesidade do gasto (ANEXO IV).

DECLARACIÓN XURADA

Dna./D. _____ co NIF nº _____
 _____ en calidade de _____ da asociación/entidade
 _____ con enderezo
 social en _____ de Lugo e con CIF
 nº _____

DECLARO :

- non atoparse inhabilitada ou inhabilitado ou estar incurso/o en prohibición para acceder á condición de beneficiaria/o de subvencións do Concello de Lugo, de conformidade co establecido no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, nin do artigo 13 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

- estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e de seguridade social.

- ter ou non ter (tachar o que non proceda) solicitado ou percibido, outras subvencións ou axudas por parte doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para o financiamento da actividade para a que se solicita a subvención. En caso afirmativo, indicar procedencia e contía:

Lugo,..... de de
 A PERSOA SOLICITANTE

(DNI da persoa solicitante e selo da asociación/entidade)

MEMORIA DO PROXECTO

DENOMINACIÓN:	
DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS	
OBXECTIVOS QUE PERSEGUE	
COLECTIVO Ó QUE SE DIRIXE	
NÚMERO DE PERSOAS DESTINATARIAS E IDADES	MULLERES. Nº.: _____ IDADE: _____ HOMES. Nº.: _____ IDADE: _____
CALENDARIO/ DURACIÓN DO PROXECTO	
LUGAR PREVISTO PARA A REALIZACIÓN DAS ACTUACIÓNS	

RECURSOS PREVISTOS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO

MATERIAS	
HUMANOS	
ECONÓMICOS (subvencións/achegas sociais)	

ORZAMENTO DETALLADO DOS GASTOS PREVISTOS (en euros)

SUBMINISTRACIÓNS	
GASTOS DE PERSOAL	
ALUGUEIROS	
COMPRA MATERIAL	
OUTROS	
TOTAL	

Lugo,..... de de

(DNI da persoa solicitante e selo da asociación/entidade)

ANEXO IV



MEMORIA DA NECESIDADE DO MANTEMENTO EN INFRAESTRUTURA E EQUIPAMENTO

GASTO PROPOSTO:	
XUSTIFICACIÓN DA SÚA NECESIDADE	
Breve descripción do local onde se vai facer o gasto:	
a) Localización: _____	
b) Equipamento actual:	

c) Réxime de posesión ou tenza do local:	

ORZAMENTO TOTAL DO GASTO (en euros):	
IMPORTE DA SUBVENCIÓN SOLICITADA (en euros):	
PORCENTAXE QUE REPRESENTA SOBRE O TOTAL:	

Lugo,..... de de

A PERSOA SOLICITANTE

(DNI da persoa solicitante e selo da asociación/entidade)



ANEXO V.-SOLICITUDE DE SUBVENCIÓNS PARA ENTIDADES DEPORTIVAS SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES E PARA GASTOS DE MANTEMENTO, PARA O ANO:

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME e APELIDOS:		NIF:	
ENDEREZO:		CONCELLO:	
PROVINCIA:	C. P.:	TEL:	e-mail:
<input type="checkbox"/> Autorizo ao Concello de Lugo para que me informe mediante SMS ou correo electrónico do estado desta solicitude así como doutro tipo de avisos relacionados que me poidan resultar de interese.			

ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

ENDEREZO:			
CONCELLO:	PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:	

DATOS DA ENTIDADE DEPORTIVA

NOME:	Nº REXISTRO MUNICIPAL:	Nº REXISTRO XUNTA:	
ENDEREZO SOCIAL:		CONCELLO:	
PROVINCIA:	C. .:	TEL.:	e-mail:
CARGO DA PERSOA SOLICITANTE:			

IMPORTES SOLICITADOS

Para sufragar os gastos xerais da entidade deportiva segundo a memoria que se achega (en euros)	
Para sufragar parte do gasto que xera a realización da actividade _____, programada pola entidade deportiva (en euros)	
Importe total solicitado (en euros)	

Acepto o compromiso de destinar a subvención que se conceda á execución do proxecto, obxectivo ou actividade solicitada, así como todos os compromisos e obrigas derivadas da lexislación aplicable e das bases reguladoras e convocatoria de subvencións para o exercicio en curso.

Lugo,..... de de
A PERSOA SOLICITANTE

NOTA: Verifique a documentación a presentar con esta solicitude, segundo os modelos definidos na convocatoria

Xúntarase a esta solicitude a documentación sinalada a continuación, que se presentará conforme os modelos dos ANEXOS.

DOCUMENTACIÓN XERAL:

- * Fotocopia do DNI da persoa solicitante
- * Copia do documento acreditativo da representación que ten a persoa solicitante na entidade ou asociación.
- * Certificación dos datos bancarios
- * Declaración xurada (ANEXO II)
- * Certificación da secretaria ou secretario da entidade co visto e prace da persoa que representa legalmente a entidade, no que conste a relación de persoas que figuran na xunta directiva, así como as diferentes vogalías ou departamentos dela (ANEXO VII).

No caso de non estar inscritas no Rexistro municipal de asociacións, deberán, a maiores, achegar:

- * Fotocopia do NIF /CIF da asociación ou institución que representa.
- * Copia dos estatutos ou documentos acreditativos da personalidade da entidade. ***Na copia dos estatutos deberá figurar o selo xustificativo da inscrición no rexistro público correspondente.***

DOCUMENTACIÓN ESPECÍFICA: Ver ANEXO VI

LICENZAS FEDERATIVAS

1. CATEGORÍA NAS QUE MILITAN

(Indicar as categorías nas que participaron os distintos equipos da entidade nas distintas competicións oficiais)

EQUIPO	CATEGORÍA	Nº FICHAS

2. DESPRAZAMENTOS

(engadir copia calendarios oficiais)

DATA	MOTIVO E LUGAR DE DESPRAZAMENTO	km PERCORRIDOS		
		Total km nacionais	Total km autonómicos	Total km despraz.

3. DEPORTISTAS SELECCIONADAS/OS

Nome deportistas seleccionadas/os	Nivel (autonómico/nacional/internacional)	Proba na que participa

4. OUTRAS ACTIVIDADES DEPORTIVAS REALIZADAS

5. ACTIVIDADES DEPORTIVAS QUE PRETENDE ORGANIZAR NO ANO E SUBVENCIÓN QUE PRECISARÍA

6. OUTRA DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR

Certificado da federación ou deportistas aseguradas e asegurados no que deben figurar:

- Nº de licenzas ou deportistas aseguradas/os (mutualizadas/os)
- Categoría na que militan os diferentes equipos.
- Indicación de equipos femininos e masculinos

Certificación da mutualidade deportiva das fichas tramitadas ou copia dos ingresos bancarios feitos

(todos os datos serán referidos á tempada en curso)

Lugo, ____ de _____ de ____

A PERSOA SOLICITANTE

(DNI da persoa solicitante e selo da asociación/entidade)



DECLARACIÓN XURADA DA EXISTENCIA DE PARIDADE NOS ORGANOS DE REPRESENTACIÓN LEGAL DA ENTIDADE E/OU DUNHA VOGALÍA DE MULLER OU IGUALDADE

Dna./D. _____ co NIF nº _____
_____ en calidade de _____ da asociación/entidade
_____ con enderezo
social en _____ de Lugo e con CIF
nº _____

DECLARO :

a) a asociación/entidade conta na composición da súa xunta directiva co mesmo número de mulleres e homes, ocupando as seguintes persoas os cargos de:

Presidencia. D^a/D. _____

Vicepresidencia. D^a/D. _____

Secretaría. D^a/D. _____

Tesourería. D^a/D: _____

b) a asociación/entidade establece nos seus estatutos a existencia, entre outras, dunha vogalía adicada a temas de igualdade ou especificamente de muller.

Vogalías e os seus titulares actuais:

Vogalía de _____ Nome: _____

Vogalía de _____ Nome: _____

Vogalía de _____ Nome: _____

Vogalía de _____ Nome: _____

E para que así conste ós efectos oportunos asino esta declaración xurada.

En cumprimento do disposto pola Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, o Concello de Lugo infórmaa/o de que os datos persoais obtidos deste documento serán incorporados a un ficheiro, do que é responsable o Concello de Lugo, coa única finalidade de levar a cabo as actuacións administrativas que, de ser o caso, se deriven da súa solicitude ou para realizar comunicacións do seu interese para os efectos informativos. Se o desexa, pode acceder aos datos facilitados, así como solicitar, se é o caso, a rectificación, oposición ou cancelación, nos termos establecidos na lei indicada, comunicándollo a este Concello.

Lugo,..... de de
Secretaria/o da asociación/entidade

Vº e praxe

Presidenta/e

(DNI da persoa asinante e selo da asociación/entidade)



MEMORIA DO PROXECTO/ACTUACIÓN
SUBVENCIONADA POLO CONCELLO NA CONVOCATORIA DO ANO: _____

1. DESCRICIÓN DO PROXECTO OU ACTIVIDADE/OU GASTO EN MANTEMENTO E REPARACIÓN.

--

2. RELACIÓN DE INGRESOS E GASTOS RELATIVOS Á ACTIVIDADE SUBVENCIONADA:

	Gasto realizado		Ingresos obtidos
TOTAL GASTOS		TOTAL INGRESOS	

3. BREVE DESCRICIÓN DOS OBXECTIVOS CUMPRIDOS:

--

4. Nº PERSOAS ASISTENTES/BENEFICIARIAS

MULLERES:	
HOMES:	

Lugo, de de
A PERSOA SOLICITANTE

(DNI da persoa solicitante e selo da asociación/entidade)



DECLARACIÓN XURADA PARA OS EFECTOS DE XUSTIFICAR SUBVENCIONS

Dna./D. _____ co NIF nº
 _____ en calidade de _____ da asociación/entidade
 _____ con enderezo
 social en _____ de Lugo e con CIF nº

DECLARO :

- que as facturas non foron nin serán presentadas como xustificación – na porcentaxe subvencionada polo Concello de Lugo – doutra subvención pública ou privada.
- que a realización da actividade, proxecto, obxectivo, programa ou a adopción de comportamento se efectuou nos termos establecidos na memoria presentada
- estar ó corrente das obrigas tributarias e de seguridade social.
- que tódolos gastos presentados como xustificación abonáronse efectivamente.
- que os impostos indirectos devengados (IVE) non teñen a condición de recuperabilidade ou compensatoriedade.
- ter recibido ou non outras subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para a mesma finalidade (tachar o que non proceda). En caso afirmativo, indicar procedencia e contía:

-Esta entidade comunicoulle ao servizo de Participación Cidadá o orzamento, programa de actividades e número de socias e socios correspondente ó exercicio 2011.

Lugo,..... de de
 A PERSOA SOLICITANTE

(DNI da persoa solicitante e selo da asociación/entidade)

ATENCIÓN O CIDADAN
RRR/rrr
Ref^a: anuncio páxina web.doc
Asunto: ANUNCIO BOP

SEGUNDO.- Publicación no BOP, DOGA e no Tablón de Edictos do Concello desta resolución con indicación de que esta pon fin á vía administrativa, e contra ela pode interpoñer os seguintes recursos:

Contencioso administrativo ante ó Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1998 do 13 de xullo) nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da notificación deste acto, o cal pon fin a vía administrativa (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo). Non obstante o anterior, e con carácter previo a esta resolución poderá interpoñer:

O recurso potestativo de reposición previsto no artigo 116 da Lei 39/1991, do 26 de novembro, ante a Alcaldía e no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación deste acto.

Sen prexuízo de que poida vostede interpoñer calquera outro recurso ou reclamación que estime conveniente ó seu dereito.

Así mesmo, déaselles traslado ás dependencias e ós servizos municipais afectados.

Cúmprase.

O que se fai público para xeral coñecemento, a fin de que **as persoas interesadas poidan presentar as solicitudes que estimen oportunas, no prazo de CUARENTA E CINCO DÍAS naturais** contados a partir do día seguinte ó da publicación destas Bases no Diario Oficial de Galicia. Estas tamen se publicarán no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Anuncios e na paxina web do Concello de Lugo; se ben a publicación no DOG será a data a ter en conta aos efectos de presentación de solicitudes.

Lugo, 18 de xullo de 2011.

O ALCALDE

P.D. A TENENTE DE ALCALDE DELEGADA
DA ÁREA DE SERVIZOS XERAIS
(Decreto Alcaldía 60/2011 do 23 de xuño)

Asdo.: Francisco José Fraga López.